

PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES DEPORTIVAS

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto deste prezo público está constituído pola utilización de instalacións deportivas municipais.

Artigo 2.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que utilicen as instalacións ou reciban os servizos que constitúen o obxecto do prezo público.

Artigo 3.- Importe

O importe determinarase por unha cantidade resultante da aplicación das seguintes tarifas:

Aluguer polideportivas municipais	
Tarifa diúrna, por hora	23,50 €
Tarifa nocturna (con iluminación), por hora	33,00 €
Tarifa diúrna outros municipios, por hora	50,00 €
Tarifa nocturna outros municipios, por hora	60,00 €
Aluguer campos de fútbol do Burgo e Vilaboa	
Tarifa diúrna, fútbol 7, por hora	25,00 €
Tarifa nocturna (con iluminación) fútbol 7, por hora	35,00 €
Tarifa diúrna, fútbol 11, por hora	50,00 €
Tarifa nocturna (con iluminación) fútbol 11, por hora	65,00 €
Tarifa diúrna fútbol 11, por partido	85,00 €
Tarifa nocturna (con iluminación) fútbol 11, por partido	110,00 €
Tarifa día completo, sen iluminación	600,00 €
Tarifa día completo, con iluminación	700,00 €
Tarifa diúrna outros municipios, fútbol 7, por hora	46,00 €
Tarifa nocturna (con iluminación) outros municipios, fútbol 7, por hora	66,00 €
Tarifa diúrna, fútbol 11 outros municipios, por hora	100,00 €
Tarifa nocturna (con iluminación) outros municipios, fútbol 11, por hora	120,00 €
Tarifa diúrna, fútbol 11 outros municipios, por partido	170,00 €
Tarifa nocturna (con iluminación) outros municipios, fútbol 11, por partido	220,00 €
Tarifa día completo outros municipios, sen iluminación	1.200,00 €
Tarifa día completo outros municipios, con iluminación	1.400,00 €

Artigo 4.- Obriga de pagamento

A obriga do seu pagamento nace cando se solicite a autorización para o uso das instalacións. No caso de que a solicitude non fose autorizada, procederá a devolución do importe pagado.

Artigo 5.- Xestión

1. Nas instalacións deportivas municipais terán prioridade sempre os alumnos/as de Culleredo en idade escolar.
2. As solicitudes de uso das instalacións municipais faranse mediante escrito dirixido ao concelleiro/a de Deportes ou órgano competente no seu momento.
3. As solicitudes resolveranse nun prazo non superior a 48 horas.
4. A adxudicación da instalación efectuarase por orde de entrada das solicitudes no Rexistro municipal, de conformidade cos seguintes criterios:
 - 4.1. Partidos oficiais ao usuario habitual da instalación.
 - 4.2. Clubs federados municipais.
 - 4.3. Equipos, peñas e empresas do Concello.
 - 4.4. Clubs federados de fóra do Concello.
 - 4.5. Equipos, peñas ou empresas de fóra do Concello.
5. Para a utilización das instalacións a entidades deberá presentarse o xustificante bancario do aboamento efectivo do prezo público correspondente ao pagamento dos servizos de conserxaría da instalación. O pagamento do prezo público efectuarase dentro das 24 horas seguintes á recepción da comunicación da concesión e, en todo caso, antes da utilización da instalación.
6. Os clubs do Concello presentarán as solicitudes das instalacións debendo achegar o calendario oficial 24 horas despois de recibilo da correspondente federación; a programación dos adestramentos deberá entregarse antes do día 1 de setembro.
7. No caso de producirse alteracións nos calendarios oficiais ou de adestramentos por calquera motivo, comunicarse inmediatamente ao concelleiro/a de Deportes, quen á súa vez reunirá os clubs que estean afectados co fin de estudar a incidencia e resolvela adecuada e consensuadamente. No caso de non conseguir o consenso, o concelleiro/a resolverá o procedente.
8. Os danos que se produzan pola deficiente utilización das instalacións serán por conta da entidade usuaria da instalación nese momento. No caso de reincidencia o Concello poderá retirar o uso da instalación á entidade responsable dos danos.
9. Os clubs federados do Concello estarán exentos do pagamento das instalacións.

O Concello resérvase a organización de eventos nas instalacións municipais coas federacións, Xunta e Deputación.